

ENSINO

Convocatoria de axudas ao estudo e ao transporte do Concello de Moeche

O Concello de Moeche publica no BOP de data 7 de novembro a Convocatoria e bases para a concesión de axudas en materia de educación para o curso 2016-2017.

Prazo para a presentación de solicitude ata o 5 de decembro.

Esta nova convocatoria recolle algunhas novidades respecto ao ano anterior:

- inclúese entre os destinatarios o alumnado do CEIP San Ramón pertencente a concellos limítrofes,
- -determinanse requisitos académicos para os estudos post-obrigatorios e
- - **incrementa a partida destinada ás axudas a 15.000 €**
- Información no 981 404 006, ext. 1 e no enlace:

http://bop.dicoruna.es/.../pu.../2016/11/07/2016_0000009140.html



BENESTAR SOCIAL

Servizo de teleasistencia

QUE É? O servizo de teleasistencia é un servizo que se presta no domicilio e que ofrece axuda e tranquilidade ás persoas que viven soas ou están soas a maior parte do día ou da noite. Facilita a chegada de recursos necesario se hai unha situación de emerxencia sanitaria ou doméstica, en caso dunha caída, un accidente, unha situación de angustia, etc.

Ten por finalidade axudar as persoas maiores ou con discapacidade para que poidan continuar vivindo no seu domicilio con seguridade e reducindo o risco de e illamento ou de non atención en caso de accidente ou caída.

Ademais de actuar en casos de emerxencia usuaria., o servizo tamén actúa de maneira preventiva mantendo contacto telefónico periódico e habitual coa persoa.



EN QUE CONSISTE?

Consiste na instalación dun aparello moi sinxelo na vivenda da persoa usuaria, conectado mediante o teléfono e polo que se pode comunicar en caso de urxencia simplemente apretando un botón.

O aparello (ver foto) **lévase como pulseira ou como colgante, conta cun botón para presionar en caso de accidente, caída ou calquera emerxencia** e un sistema de resposta inmediata e contactar con familiares ou veciños en caso de necesidade para que poidan prestar axuda.

Desde a central de atención, os profesionais atenden a consulta e activan, se é necesario, o recurso máis adecuado: localizan os familiares ou veciños de contacto, desprazan ao domicilio de usuario unha unidade móbil ou outros servizos de urxencia que sexan necesarios.

É un servizo permanente, funciona as 24 horas do día todos os días do ano

ONDE SOLICITALO? ONDE INFORMARSE? Na Casa Do Concello, no departamento de Servizo Sociais,

Hai tres modalidades de servizo cun número limitado de aparellos:

1. **Teleasistencia GRATUITA** para as persoas non dependentes, **financiada pola Deputación da Coruña** sempre que non superen determinados ingresos, 1.065€/mes. e cun **número limitado de aparellos**.
2. De esgotarse este modelo, pode solicitarse **Teleasistencia pola Xunta de Galicia**, que se superan os ingresos de 399,38€ mes, **a cota é de 5€ mensuais mediante o co-pago**.
3. Existe unha terceira modalidade libre, sen subvención pública, a libre instalación de aparellos por parte de empresas homologadas, que ronda os 25€ mensuais.



DESENVOLVEMENTO RURAL

AULA TIC

Curso para comezar o 2017 na Aula TIC

Dixitaliza, crea e organiza o teu álbum fotográfico familiar:

Horarios: 10.00 a 12.00 horas.

Datas: os xoves 5, 12, 19 e 26 xaneiro; 2, 9, 16 e 23 de febreiro.

Lugar: soto da Casa do Concello.



CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO PARA O POSTO/A DE APARELLADOR/A

Co obxectivo de cubrir as baixas por enfermidade, maternidade ou outra situación da arquitecta técnica (aparelladora) o Concello de Moeche publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 221 de 22 de novembro de 2016 a convocatoria e bases para a creación dunha bolsa de traballo para a contratación laboral temporal ou o nomeamento como funionario interino do posto de arquitecto/a técnico/a municipal.

Prazo de presentación de solicitudes: Do 23 de novembro ata o 15 de decembro,

Información en: <http://concellodemoeche.com/sp/actualidade/detalle.php?id=631>

DESENVOLVEMENTO RURAL

REGULARIZACIÓN DO USO DOS LOCAIS SOCIAIS POR PARTE DAS ENTIDADES VECIÑAIS

De acordo co establecido na Ordenanza Reguladora da Cesión e Uso dos Locais Municipais ás Asociacións ou Entidades Veciñais aprobada no pleno de abril, **o Concello abre ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro que non teñan local propio un prazo desde o 14 ao 30 de novembro para que soliciten o uso de determinados locais municipais con carácter permanente.**

Establécense dous tipos de cesións. Por un lado unha cesión puntual para actividades concretas e por outro a cesión temporal, dirixida a entidades sen fins de lucro que fagan uso da instalación durante un ano, prorrogable.

Os convenios de cesión asinarnase no mes de decembro.

As entidades deben estar inscritas no Rexistro Municipal.

Para uso puntual destínanse: local social de Abade e a planta baixa do local social de Pereiro.

Para uso temporal: planta alta del local social de Pereiro, locais de oficinas do recinto ferial e os espazos da antiga biblioteca, en Casablanca. As cesións de uso serán gratuítas para as entidades de Moeche sen fin de lucro así como as cesións puntuais para os veciños e veciñas.

A cesión regúlase detalladamente na citada ordenanza.



MEDIO AMBIENTE

O Concello de Moeche acolleuse ao Plan de Medio Ambiente para o desenvolvemento de proxectos de protección do medio ambiente por importe de 65.000,00€. Os proxectos de obras foron aprobados o pasado mes de outubro na Deputación da Coruña e o Concello sacaráo á licitación a fins de ano. Este Plan de Medio Ambiente provincial ten unha parte en investimentos e outra en actividades. **Investimentos: 60.848.17€**

FORMACIÓN DE BASES E CERRAMENTOS PARA COLECTORES.

Investimento: 38.675,18€

Moeche conta con máis de 300 puntos de recollida de lixo que na maioría dos casos dos colectores non están amarrados de ningunha maneira, simplemente arrimados ás beiras das pistas, e en ocasións chegan a ocasionar molestias no tráfico ao invadir unha pista ou estrada. Instalaranse bases de formigón con capacidade para 1, 2 ou 3 colectores con cerramento de madeira por tres lados e na zona urbana instalaranse sistemas de suxeición de aceiro inox basculantes.



INSTALACIÓN DE REDUTORA DE PRESIÓN E MELLORAS DA REDE MUNICIPAL DE AGUA POTABLE.

Investimento: 22.173,49€

As continuas avarías na rede da auga potable, debidas especialmente á excesiva presión da auga, ao mal estado da rede e a ausencia de válvulas reductoras de presión, supoñen un elevadísimo gasto para a economía municipal. Co fin de reducir na medida do posible estas avarías tan frecuentes, incluíuse un proxecto de mellora neste plan de medio ambiente, incluíndo a substitución de diversos colaríns, a instalación dunha reductora de presión e prolongación dos finais de rede que eviten os atascamentos continuos.



ACTIVIDADES MEDIO AMBIENTE; 4.151,83€

- Obradoiro contra o impacto da vespa velutina dirixido aos máis pequenos.

- Obrador de apicultura ecolóxica: impartido pola **Casa do Mel**.

Datas: 12, 13, 26 e 27 de novembro de 2016.

Lugar: Local social do Pereiro e Casa do Mel (Goente).

- Campaña veciñal de sensibilización sobre a necesidades da reciclaxe (1º trimestre 2017)



CULTURA E ENSINO

EXPOSICIÓNS

EXPOSICIÓN PICTÓRICA DE MANUEL CANOSA (MANOLO DE PENA)

Datas: do 18 de novembro ao 9 de decembro.

Lugar: Casa do Concello.

Horarios e días: de luns a venres, de 08.30 a 15.00 horas e os venres de 16.00 a 19.00 horas



EXPOSICIÓN FOTOXORNALISMO

Da man da Deputación da Coruña, teremos na Casa do Concello a exposición de "FOTOXORNALISMO 2015", unha mostra das ...

Datas: do 14 ao 28 de decembro.

Horario e días: de luns a venres, de 08.30 a 15.00 horas e os venres de 16.00 a 19.00 horas.

Lugar: Casa do Concello



EXPOSICIÓN SEMENTEIRA

Os traballos artísticos e creativos realizados polos nenos e nenas participantes no Campamento Sementeira no verán, serán obxecto dunha exposición no vestíbulo da Casa do Concello.

Datas: do 30 de decembro ao 13 de xaneiro

Horas e días: de luns a venres de 08.30 a 15.00 horas e os venres de 16.30 a 19.00 (excepto festivos)

Lugar: Casa do Concello



CASTELO DE SONS

Ás portas do inverno, para despedir o outono, unha nova edición con forza do programa Castelo de Sons

Sábado, 19 de novembro, Día da Tolerancia, A Tropa de Trapo,

"Contos coas Mans Abertas".

Data: 19/11/2016

Hora: 19.00

Lugar: Castelo de Moeche

Moeche é un dos concellos socios do Fondo Galego de Cooperación, entidade que nos achega este espectáculo ao castelo.

Sábado, 3 de decembro, Eva Castiñeira, co disco "Alá onde agroman as herbas"

"Alá onde agroman as herbas, ese lugar onde todo está en movemento, onde a vida discorre, onde cada un atopa a harmonía por dentro"

Data: 3/12/2016

Hora: 19.00

Lugar: Castelo de Moeche

Sábado 17 de decembro, Sonia Lebedinsky, co disco Deserto de Centos.

A cantante de Fía na Roca, Sonia Lebedinsky, inicia a súa carreira en solitario con este disco recién estreado "Deserto de Centos", onde aúna estilos moi variados, música tradicional, ritmos brasileiros, funky, pop, baladas ou blues. E para o que contou coa colaboración de grandes músicos como Guadi Galego, Uxía ou Serxio Tannus.

Data: 17/12/2016

Hora: 19.00

Lugar: Castelo de Moeche



MÚSICA E CANTO

SANTA CRUZ

O Concello segue procurando levar a cultura a todas as parroquias e nesa liña a parroquia de Santa Cruz recibirá a visita do **Coro de San Sadurniño** que ofrecerá un concerto na igrexa parroquial.

Data: 4 de decembro de 2016.

Hora: 16.30 horas

Lugar: Igrexa parroquial de Santa Cruz



ABADE

Concerto de Nadal coa Coral Eixil, de Cedeira, en Abade o 16 de decembro ofrecen-donos unha mostra do seu repertorio de canto.

Datas: venres, 16 de decembro de 2016

Hora: 20.00 horas

Lugar: local social Abade



OBRADOIRO DE COCIÑA

Datas: 25 de novembro e o 2, 9 e 16 de decembro de 2016

Horarios: de 18.00 a 20.00 horas.

Lugar: local social Abade

Dende o Concello organizase un obradoiro de cociña para dar unha boa entrada ao Nadal e non defraudar nas comidas ou ceas destas datas. Será impartido por Nuria, do restaurante "O Castro", de Pantín. Terá unha duración de catro días onde se aprenderá a facer un menú completo propio da tempada e outras receitas de Nadal.



FESTA DE NADAL,

xoves 22 de decembro

Xa está aquí preto o Nadal e de novo a tradicional Festa en que os máis novos e as familias de Moeche se xuntan nunha nova tarde de lecer.

Xornada de xogos tradicionais, amenizada con música e cunha visita moi especial.

Ao remate chocolate con churros para todas as persoas asistentes.

Data: 22 /12/2016

Hora: 16.30

Lugar: Recinto feiral, Nave dos Tecidos.



OBRADOIRO SEMENTEIRA DE NADAL

Un novo obradoiro para comezar o ano e pasar mellor as vacacións co reencontro dos amigos e amigas do campamento Sementeira, e de todos e todas os nenos e nenas que se queiran sumar.

As **salas do Castelo de Moeche** acollerán este obradoiro de xogos e diversión a cargo de **ITA Animación**.

Destinatarios; nenos e nenas de 3 a 12 anos

Inscripción: Casa do Concello ata o 2 de xaneiro, presencialmente, ou no enderezo: correo@moeche.es

Información: departamento de Servizos Sociais, 981 40 40 06, ext 1

Data: 3 de xaneiro

Horario: partir das 16.30 horas

Lugar: Castelo de Moeche



MERCADO DE NADAL

ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE NADAL Domingo, 18 /12/2016

Para dinamizar o recinto feiral de Moehe, xa comezaron os preparativos para celebrar o **MERCADO DE NADAL**, un mercado de Artesanía e Gastronomía de Nadal.

Unha nova feira que terá lugar o 18 de decembro, domingo para toda a familia.

- Artesanía, xoguetes, madeira, agasallos, libros, cerámica, decoración, etc.
- Gastronomía, embutidos, produtos artesanais, doces e larpeiradas de Nadal, etc.
- Visita do Carteiro Real.
- Espazo gastronómico na nave do mercado.

MERCADO DE NADAL PARA TODA A FAMILIA

Actuación musical e obradoiros ao longo da mañá e pola tarde espectáculo cultural

ACTIVIDADES DAS ENTIDADES VECIÑAIS



ASOCIACIÓN DE VECIÑOS VAL DE MOECHE

Xantar veciñal Pre-Nadal na parroquia de San Xurxo

Data: 3/12/2016

Lugar: Local social do Pereiro



A.VV. LABACENGOS

Xornada de Solidariedade con Banco de Alimentos de Galicia.

- Espectáculo de danza con DANZA MAKTUB

Data: 11/12/2016:

Lugar: O Ventoeiro



Declaración institucional polo Día Internacional para a Erradicación da Violencia contra a Muller. O Concello de Moeche súmase á conmemoración do día 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Muller, co obxectivo de expresar o seu total rexeitamento ante calquera tipo de violencia exercida contra as mulleres en calquera parte do mundo.

Somos conscientes de que a violencia contra a muller non pasa por celebrar un día especial ou aprobar declaracións institucionais, sen embargo si contribúen estes feitos á sensibilización social sobre a gravísima lacra que supón o asasinato de máis de 800 mulleres a mans das súas parellas ou ex parellas desde o ano 2003, ano en que comezaron a establecerse as estatísticas oficiais de vítimas mortais de violencia de xénero.

A violencia contra a muller é a máis clara manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre homes e mulleres, dunhas relacións de dominación e desigualdade entre xéneros, en definitiva, dun claro fracaso como sociedade.

A sociedade galega avanzou na sensibilización cara á violencia contra a muller nun proceso inicialmente lento que foi collendo forza, un proceso no que xogaron un papel fundamental, que cómpre recoñecermos, os movementos feministas nunha loita xusta e incesante pola igualdade real.

Este proceso contra a violencia de xénero debe medrar e fortalecerse pois, malia os avances, seguimos vivindo unha incensante e desgarradora realidade de casos de malos tratos, agresións sexuais, violencia física en distintos graos, e asasinatos. E non só existe a violencia que recollen os medios de comunicación, esa que se visibiliza, non debemos esquecer as manifestacións de violencia contra as mulleres en todos os ámbitos sociais, familiares, laborais... na vida cotiá, a través de estereotipos ou comportamentos que se transmitiron ao longo dos anos e seguen, en gran medida, vixentes.

As institucións e administracións estatais, autonómicas e locais temos a obriga moral e legal de implicar e facilitar todo o apoio e os recursos necesarios para unha loita progresiva e efectiva contra a violencia de xénero.

Animamos a toda a veciñanza do noso concello e ao conxunto da sociedade galega, mulleres e homes, a que condenen no ámbito público e no privado as actitudes machistas, a que denuncien as agresións contra as mulleres, que se producen en todas as sociedades, e a que colaboren activamente na erradicación desta lacra. Todas e todos debemos ser conscientes da urxente necesidade de educarmos as nosas fillas e os nosos fillos para que identifiquen desde idade temperá a violencia machista e, especialmente, ás e aos adolescentes, pois segundo os últimos estudos, é entre elas e eles onde se están desenvolvendo patróns de condutas machistas e violentos.

Os grupos municipais do Concello de Moeche nin debemos nin queremos ser unhas simples testemuñas da violencia de xénero na nosa sociedade, unha violencia que día tras día acaba coa vida de moitas mulleres e, consecuentemente, manifestamos o noso compromiso de loita e de denuncia mentres non se erradique esta lacra da sociedade.

Moeche, 25 de novembro de 2016

Concello de Moeche

Esta declaración institucional foi asinada couxuntamente polo portavoz do Grupo Municipal do BNG, pola portavoz suplente do Grupo Municipal do PP e pola alcaldesa do Concello de Moeche.

Este Boletín informativo cultural conta co financiamento da Deputación da Coruña

